

# Montes comunais= un recurso cobizado

A propiedade do monte como ben común dos veciños e das veciñas en Galiza ten a súa orixe na chegada dos pobos xermánicos ao noso territorio, o que dá mostra da longa tradición desta realidade tan característica da sociedade galega.

Esta propiedade común mantense viva aínda hoxe, a pesar dos múltiples impedimentos con que se foi atopando ao longo da historia. Recentemente, desde mediados do século XX, tiveron lugar na área rural do Concello de Pontevedra varios conflitos cuxo detonante foi, precisamente, a xestión e o uso dos montes veciñais. Sobre el e sobre a súa produción foron xurdindo intereses económicos privados que buscaron, coa colaboración da administración franquista, retirarlle a xestión destes montes aos veciños e ás veciñas, os seus propietarios lexítimos.

Nestes conflitos tiveron unha importante participación as mulleres das parroquias afectadas, tanto por seren elas unhas das principais vítimas desta actitude represiva como polo feito de querer negarlles o acceso a un dos recursos máis empregados para a súa manutención. Elas, usuarias destes montes, viron como lles impedían o uso dun ben que sempre lles fora propio.

Así pois, iniciado o proceso de usurpación dos montes veciñais por parte dos concellos franquistas, a veciñanza destas parroquias rurais non pode facer uso do



que era e seguía a ser un lugar de traballo común e unha fonte de recursos básica. Do monte extraían a leña, o estrume para os animais, alimentaban as abundantes cabezas de gando que se criaban (lanar, cabrún e vacún), repartían parcelas aproveitables para plantar... todo isto supuña para as economías rurais unha importante fonte de ingresos e recursos, tal e como nos conta Carmen:

“E logo! Non se perdía tempo; índa facías máis do que viñas cos animais. Apañabas toxo, lavabas roupa, todo o que pudesas... e había quen levaba roupiña, que había personas maiores, que levaban roupiña pa repasar pa coser, mentres estaban a mirar polos animais. Levaban roupiña e poñíanse a coser”. [C.G.P.; Salcedo].

Na parroquia de Santa María de Xeve tivo lugar un destes episodios. A Deputación fíxose con parte do monte veciñal para dedicar estes terreos á plantación de eucalipto e piñeiro, maioritariamente. Como consecuencia, as veciñas e os veciños da parroquia iniciaron unha serie de protestas que supuxeron, en moitos casos, represalias para as persoas participantes: multas e malleiras principalmente. O relato de Aurelia Blanco, recollido por Llorenç Soler no seu documental *O monte é noso*, dá conta da magnitude do conflito e dos abusos cometidos:

“Eu ía co rabaño, había tres rabaños, en Santa María de Xeve, no lugar dos Fontáns. Ía co rabaño. Eu tocaba o corno, había con tres rabaños no lugar. Había crabas e ovellas [...] e toda a misericordia. Eu viña co rabaño e xuntabámoslos aquí todos. Os tres rabaños xuntabámoslos aquí nesta plaiada que inda non había eucaliptos nin había nada. Aquí non había nada; todo era isto, todo era llano, todo, sin nada, e xuntabamos aquí todos. E se me entraba despois... Despois cerrano e se me entraba unha ovella no cierro pois eu tiña que agarrar e pagar, sabes? Tiven que pagar 5.000 mil pesetas..., que non foi o mesmo eh! Tiven que pagar 5.000 pesetas e despois, como lle chaman, ía por aí arriba e veu o garda e a tundas en nós; eu tiven que fuxir... eu que sei para onde tiven que fuxir! Tiven que fuxir unha legua desviada e deixar quedar as ovellas e máis o rabaño... e coma min todos. Porque cando viñamos eramos pequenas, que agora xa son vella, claro! Cando viñamos eramos unhas chavalas pequenas e despois, pois agora cerrano isto e quedamos sen nada. Sin eucaliptos e sin nada. Todo, todo. E nós tamén temos unha fincas (que digan estes!), que temos unhas fincas que eran regadías de aquí e agora quedamos sen regadas nada. Unha era unha finca que inda é de dez ferrados de sembradura. E logo! De dez ferrados de sembradura! E non podemos regar nada; nadita, nadita, nadita! E así quedamos sin agua e quedamos sin monte e quedamos sin todo, e sin ovellas que nós tiñamos un milagre de delas e tivémolas que vender todas porque nolas fixeno vender porque non tiñamos onde as meter, onde as botar para o monte. Despois tivémolas que as vender todas! Tiñamos máis de 50 ovellas, e coma nós todos!” Testemuño de Aurelia Blanco (Santa María de Xeve) recollido no documental “O monte é noso” (Llorenç Soler, 1978).

A apropiación por parte da administración pública destes montes comúns excluíu a veciñanza tanto da xestión como do uso deste monte para destinalo á produción madeireira, cun programa extensivo de plantación de especies foráneas como o eucalipto ou o piñeiro cuxas consecuencias son visibles aínda na actualidade:



“Entonces fixeron a plantación no monte, que a plantou a Deputación, un consorcio, forestal, e despois ao facer a plantación empezaron a botar a xente fóra. Empezaron a meterlle multas, incluso lle pegaba, según dicen [...]. Pero si, despois cando fixeron a plantación de eucalipto, si. Plantaron todo eucalipto e agora temos o monte todo invadido de eucalipto (...). Agora non ten recuperación. Agora xa é moi difícil que teña recuperación”. [M.R.; Santa María de Xeve].

Os montes son cercados e vixiados por persoas alleas á parroquia que actúan en favor das empresas beneficiarias e que impiden o achegamento e uso das veciñas e dos veciños ás zonas afectadas:

“Non, quen multaba era o guardia ese que andaba por aí. Ese era quen multaba (...). Por exemplo, se o gando non escapaba; as vacas escapaban, pero se non, el levábaas, encerrábaas, había un cierre no monte. Os animais que andaban soltos por aí, pois metíaos aí e despois multaba”. [M.R.; Santa María de Xeve].

“A xente protestaba, si, iba para alí arriba, facían corrillos entre eles e ao monte tamén foron protestar e aí si que puido vir a Guardia Civil (...). Pero non lles fixeron caso. Daquela claro a forza bruta, e agora é o mesmo”. [M.R.; Santa María de Xeve].

Ao roubarlles este recurso, a parroquia experimenta mudanzas importantes na súa estruturación. Moitas das persoas que a habitan vense na obriga de se desfacer do gando que xa non poderían coidar pois parte da súa manutención dependía destas terras de uso comunitario, o que conduce ao empobrecemento da poboación e supón un aumento da emigración derivada da ausencia de medios.

A recuperación do monte por parte da veciñanza foi un acto de reivindicación duns dereitos que eran seus e foron precisos moitos anos e unha intensa loita para conseguir o recoñecemento administrativo desta realidade. Con todo, e a pesar de se ter recoñecida a propiedade destes montes para a parroquia, esta recuperación foi parcial pois as plantacións de especies alleas mudaron radicalmente a fisionomía do monte e o seu aproveitamento tradicional dificilmente puido ser restaurado. Como consecuencia, o piñeiro e o eucalipto substituíron castiñeiros, carballos, enciños, bidueiros e outras especies autóctonas; ademais, foron plantados sen ter en conta os mananciais, que se viron seriamente prexudicados pola extensión do eucalipto; todo isto favoreceu a calcinación da terra, a súa esterilidade e déronse maiores facilidades para a propagación de incendios.

Mulleres como Aurelia enfrontáronse ás autoridades do momento para reclamar o seu dereito lexítimo a usar un ben que sempre estivera á disposición de quen o precisaba e que estas mulleres traballadoras do rural mantiñan e que posteriormente conseguiron recuperar para unha parroquia que sempre fora a súa lexítima propietaria.



Un caso semellante ao de Santa María de Xeve rexistrouse na parroquia de Salcedo, cando nos anos 50 do século pasado se ocupa por parte da Deputación o monte de San Martiño, un monte historicamente propiedade da comunidade veciñal. Esta ocupación provoca moitos conflitos coa veciñanza que ve como de repente lle negan o acceso a un monte que sempre empregara en colectividade. A propiedade de monte ocupada pola Deputación, a través da Escola de Capataces de Lourizán, cércase con postes e arames de espiño que impiden a entrada dos animais, das veciñas e veciños que acudían ao monte para buscar leña, estrume, etc. ou mesmo se nega o paso a través das rutas que comunicaban a parroquia con outros lugares da contorna.

“Era a Granxa de Montero pero aquilo xa estaba todo na Deputación. Eran os que mandaban! Mandar non mandaban nadie, pero eles facíanse amos”. [C.C.F.; Salcedo].

A estratexia seguida pola Deputación era o medo, a represión en forma de multas e mesmo de cárcere. A pesar de ser este monte da parroquia de Salcedo, necesario para a veciñanza tal e como nos conta Carme, negábaselles o acceso e uso dun recurso legalmente seu para reconvertelo en plantacións de especies alleas como o eucalipto, o piñeiro ou as mimosas.

“Bueno, eu sei que antes, é verdá, que se traballaba muito a terra e que facía falta o monte pa traelo, é verdá, o gando para o monte a pastar, a comer, á parte do que nós lle apañabamos por alá do que nós tiñamos polas fincas, había que traelo po monte”. [C.G.P.; Salcedo].

“O monte de quen era? Queríanse facer eles os amos del! O monte era noso, era da parroquia! Pero querían eles facerse amos e como fixeran eles aquelas parcelas e plantaran pois botaban multa a quen entrara dentro e lle fixeran dano. Pois é iso o que che conto eu”. [C.G.P.; Salcedo].

Calquera “invasión” da propiedade usurpada podía e era obxecto de castigo, como as multas que moitas das persoas ás que lles eran impostas dificilmente podían afrontar:

“E entonces daquela, é verdá, mamá xa era unha personiña así de edá; bueno, e ela tamén viña coas vacas po monte, cando estaba así bo tempo viña coas vacas po monte. O monte daquela colléao a Granxa de Montero lle chamaban, que é iso dalá, da Deputación, de Lourizán. Bueno, entonces fixeran parcelas cerradas e plantaran. E entonces, mamá viña coa vaca po monte e a vaca pinchou ao que estaba cerrado, á alambrada que estaba cerrada que era unha vaca grande... e pinchou a dentro a comer porque había máis que comer ca fóra. E entonces un de aquí de baixo que era Pastoriza, que era gardián así, estaba alá nesa finca, abaixo, onde eles cerraran o monte, e logo colleu a vaca alí dentro e entonces, é verdá, multouna, a mamá. Dixo que tiña que ir á Granxa a pagar a multa. Multouna por andar a vaca alí dentro e hubo que ir e pagar”. [C.G.P.; Salcedo].



Entre as accións represivas incitadas desde a Deputación, houbo casos incluso de cárcere, como o da veciña Cipriana Carabelos Farto, que foi detida durante 24 horas ao non contar nese momento cos recursos necesarios para pagar unha multa:

“Muller, daquela fomos á leña e leváronnos presos. E eu tuven que estar no cárcel; e nada máis. Botei 24 horas e acabouse, mira o que é. Por ir á leña. [...] E despois decides vós ir á leña. Pa que se vai á leña que despois levan un preso. [...]. Claro, pero aquel día atentoume o demo a ir á que non se podía traer. Fun ás mimosas e sempre ía á casca de alcolitro e máis aos follicos. Entonces, claro, por iso. Por iso me levaron présa. Por non pagar 3.000 pesetas. [...] E fun 24 horas e aforrei 3.000 pesetas que daquela tiña falta de muitos cartos. [...] Esa leña era do monte, era dos veciños todos”. [C.C.F.; Salcedo]

Hoxe en día, coa ollada no pasado, as lembranzas redúcense ao anecdótico e o humor prevalece sobre un conflito que se considera superado e gañado para a parroquia despois da devolución deste monte comunal a quen lle correspondía, á veciñanza de Salcedo. E así, con humor, Cipriana fai referencia ao seu paso polo cárcere:

“[...] Oes, iso jamás me esqueceu. Sei que fomos despois de comer, eu estaba... chegara de Pontevedra e estabamos facendo a comida e o defunto de papá amasando. E acórdame que xa tuven que marchar e non comín na casa. E alí chegamos á hora da comida e déronme un platiño, pero aquilo... un platiño pequeniño eh! De pulpo, alí. Foi o único que comemos”. [C.C.F.; Salcedo].

“Ai, no, no. Non se pode contar. As cousas da cárcel non se poden contar”. [C.C.F.; Salcedo].